

A FISCALIDADE DAS ENTIDADES COOPERATIVAS TRALA LEI 5/1998, DO 18 DE DECEMBRO, DE COOPERATIVAS DE GALICIA

Ignacio Fernández Fernández

Inspector de Facenda do Estado. Inspector
xefe da A.E.A.T. de Galicia

M^a Milagros Sieiro Constenla

Doutora en economía. Titular da E.U. da
Universidade da Coruña

I. Fundamento e características do réxime fiscal especial das entidades cooperativas

Pódese afirmar que o mandato contido no artigo 129.2 da Constitución española, en virtude do cal se lles ordena ós poderes públicos que fomenten, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas, aínda cando non efectúa unha referencia expresa a medidas de índole tributario, constitúe o primeiro e principal fundamento para a configuración legal dun réxime fiscal especial para este tipo de entidades.

A concreción fiscal deste mandato constitucional pivotou durante doce anos sobre catro medidas encadradas na entón normativa xeral reguladora da imposición societaria¹:

- Tipo de gravame especial reducido, previsto no artigo 23. Un da Lei 61/1978, reguladora do imposto sobre sociedades.

¹ SANZ GADEA, Eduardo: *Impuesto sobre Sociedades. Comentarios y casos prácticos*. Tomo III. Madrid. 1991. Pag. 1.533.

■ Bonificación na cota do 50 por 100, aplicable ás cooperativas fiscalmente protexidas, recoñecida polo artigo 25 do dito texto legal.

■ Deducción para os efectos da determinación da base imponible das dotacións ó entón denominado Fondo de Educación e Obras Sociais, admitida polo artigo 13 da Lei do imposto sobre sociedades e desenvolvida polo artigo 121 b) do regulamento.

■ Transparencia fiscal voluntaria para as cooperativas fiscalmente protexidas, conforme o artigo 19 da Lei 61/1978, na redacción dada pola Lei 48/1985.

A fiscalidade das cooperativas experimenta unha modificación substancial como consecuencia da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas², aplicable a todos aqueles exercicios que se iniciaron con posterioridade ó 20 de decembro de 1990. Este texto legal reúne as seguintes notas caracterizadoras:

a) Singularidade formal. O réxime fiscal especial previsto para as entidades cooperativas mantén a súa individualidade formal trala entrada en vigor da Lei 43/1995. Este texto legal integra a partir do 1 de xaneiro de 1996 no seu título VIII múltiples réximes especiais cunha regulación que ata esta data discorria paralela á Lei reguladora do imposto sobre sociedades³.

b) Conciliación coa derogada Lei 3/1987, xeral de cooperativas, cunha complexidade e casuística que é en gran parte responsable da complicada configuración do réxime fiscal especial contido na Lei 20/1990. Resulta evidente que a derogación deste texto legal coa entrada en vigor da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas e, particularmente no que se refire ás cooperativas con domicilio social na Comunidade Autónoma galega, coa aprobación da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, rómpese a harmonización entre a disposición xeral e fiscal, sendo esta circunstancia posible fonte de conflitos na valoración do cumprimento dos requisitos necesarios para alcanza-la deducibilidade de determinadas partidas ou calquera dos dous niveis de protección fiscal.

c) Vocación estatutaria, en canto pretende abarca-la totalidade das figuras impositivas que afectan a cooperativa. Se ben é o imposto sobre sociedades o que ten unha presenza máis notable, no texto encóntranse

² Conforme o establecido na disposición final primeira da Lei 20/1990, este texto legal produciu efectos en relación cos exercicios que se iniciaron con posterioridade ó 20 de decembro de 1990.

³ Esta singularidade formal compártese unicamente coas fundacións cunha regulación que está contida na Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

referencias ó imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e a diversos impostos integrantes do sistema tributario local.

d) Establecemento dun dobre nivel de protección fiscal, simple e especial, que atenda as clases de cooperativas e as circunstancias que nelas incidan.

e) Configuración dun conxunto de normas técnicas para os efectos da determinación da base imponible no imposto sobre sociedades, as cales afectan tódalas cooperativas regularmente constituídas independentemente de que sexan acreedoras dos beneficios fiscais aplicables ás cooperativas protexidas.

f) Carácter supletorio do réxime tributario xeral, declarado polo 1.3 da Lei 20/1990. Este texto legal non ten unha aspiración globalista sobre a fiscalidade cooperativa, senón puramente especialista, o que se concreta na definición dunhas normas técnicas específicas para a determinación da base imponible e no recoñecemento de determinados beneficios fiscais.

2. Réxime fiscal das cooperativas

O réxime fiscal que esta norma legal prevé para as entidades cooperativas pódese analizar a partir da diferenciación de dous tipos de normas:

■ Por un lado, un conxunto de disposicións que supoñen o establecemento dunhas regras especiais aplicables a tódalas cooperativas regularmente constituídas, aínda cando incidan nalgunha das causas de perda da condición de cooperativas fiscalmente protexidas. Isto dota estas entidades, como suxeito pasivo do imposto sobre sociedades, de singularidade desde o punto de vista da valoración de determinadas operacións e do esquema liquidador.

■ O recoñecemento, por outra parte, de determinados beneficios fiscais, cun ámbito que excede do imposto sobre sociedades, fixándose a un dobre nivel, de protección e especial protección.

As regras fiscais especiais aplicables a toda cooperativa regularmente constituída teñen un denominador común: a súa incidencia exclusiva no imposto sobre sociedades. Seguindo o esquema liquidador da imposición societaria podemos destaca-las seguintes:

A) Regras especiais na determinación da base imponible

A determinación da base imponible dunha sociedade cooperativa require normas especiais por tres causas fundamentais:

- A diferenciación dos resultados cooperativos e extracooperativos para os efectos da posible aplicación de diferentes tipos de gravame.
- O establecemento dun criterio de valoración nas operacións realizadas entre a cooperativa e os seus socios. O que para os suxeitos pasivos en réxime xeral do imposto sobre sociedades son, con carácter xeral, operacións esporádicas, para este tipo de entidades convértese, en cumprimento do principio mutual, en operacións habituais.
- A cualificación de determinadas partidas controvertidas.

a) *Distinción de resultados*

Se ben estamos ante unha distinción instrumental para os efectos da posible aplicación dun dobre tipo de gravame, cando a Lei 20/1990 obriga a diferenciar entre resultados cooperativos e extracooperativos, está a efectuar unha distinción que procede da derogada Lei xeral de cooperativas de 1987. Este mandato actualmente está recollido nos artigos 8.4 e 66.3 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, aínda que cun alcance máis limitado ca aquela, ó preve-la contabilización separada e independente para unha das categorías de renda englobadas baixo a denominación extracooperativa: os beneficios obtidos das operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios⁴.

Partindo desta obrigada distinción, pódese afirmar que o criterio delimitador entre ámbolos tipos de rendas reside no principio mutual. Son resultados cooperativos, basicamente, os derivados da realización de actividades cooperativizadas cos socios, máis aqueloutras que se atopan nunha relación de accesibilidade. O resto terá complementariamente natureza extracooperativa.

Máis concretamente o artigo 17 da Lei 20/1990 relaciona un conxunto de partidas comprensivas do resultado cooperativo:

- Os procedentes do exercicio da actividade cooperativizada realizada cos propios socios.
- As cotas periódicas satisfeitas polos socios. O artigo 65.1 da Lei de cooperativas de Galicia prevé que estatutariamente ou pola asemblea xeral poidan establecerse cotas de ingreso e/ou periódicas as cales non se integrarán no capital social nin serán reintegrables, «achegas»

⁴ O artigo 57.3 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, en idéntica liña á da súa predecesora, establece que figurarán en contabilidade separadamente os resultados extracooperativos derivados das operacións pola actividade cooperativizada realizada con terceiros non socios, os obtidos de actividades económicas ou fontes alleas ós fins específicos da cooperativa, así como os derivados de investimentos ou participacións financeiras en sociedades non cooperativas, ou os extraordinarios procedentes de plusvalías que resulten de alleamento de elementos de activos de inmovilizado non destinados ó cumprimento do fin social».

que, sen embargo, reciben moi diferente trato fiscal: mentres que as primeiras son renda non suxeita, as segundas intégranse na base imponible a través do resultado cooperativo⁵.

■ As subvencións correntes e de capital na parte imputable que resulte da aplicación das normas contables⁶. En ausencia de especialidade fiscal, en cumprimento do mandato contido no artigo 10.3. da Lei 43/95, a reversión das subvencións á base imponible efectuarase conforme os criterios contables, contidos a este respecto na Norma de valoración vixésima comprendida na parte quinta do Plan xeral de contabilidade de 1990.

■ Os intereses e retornos derivados da participación da cooperativa noutras cooperativas.

■ Os produtos financeiros da tesourería ordinaria.

Complementaria e consecuentemente o artigo 21 enumera como resultados extracooperativos as seguintes partidas:

■ Os procedentes do exercicio da actividade cooperativizada realizada con terceiros.

■ Os derivados de investimentos ou participacións financeiras en sociedades de natureza non cooperativa.

■ Os obtidos de actividades económicas ou fontes alleas ós fins específicos da cooperativa.

■ Os incrementos e diminucións de patrimonio, comprendéndose unha delimitación de carácter negativo desta categoría de rendas na alínea 2 do artigo 22 da Lei 20/1990.

b) *Valoración de operacións*

Establece o artigo 15.1 da Lei 20/1990 que as operacións realizadas pola cooperativa cos seus socios computaranse polo seu valor de mercado, regra entón xa contida no artigo 16.2 Lei 61/1978.

Non obstante, a entrada en vigor da Lei 43/1995 implica unha ruptura importante no ata ese momento idéntico tratamento das operacións vinculadas para as cooperativas e para os suxeitos pasivos sometidos plenamente á Lei do imposto sobre sociedades.

⁵ A cualificación fiscal das cotas de ingreso como renda non suxeita non se encontra de forma categórica na Lei 20/1990. Sen embargo, parece desprenderse, por un lado, da súa non inclusión entre os resultados cooperativos e a súa non consideración, por outra parte, como incremento patrimonial conforme o establecido no seu artigo 22.2.a).

⁶ Nova redacción do artigo 17.4 da Lei 20/90 pola disposición final 2ª da Lei 43/1995.

Fronte a esta regra xeral de valoración aplicable ás entregas de bens e prestacións de servizos realizadas entre cooperativa e socio, o artigo 16.1 da Lei 43/1995 restrinxe notablemente o ámbito de actuación deste instrumento de corrección do importe efectivo das operacións realizadas entre partes vinculadas:

■ Mentres que no ámbito cooperativo nos enfrontamos a unha regra de valoración aplicable polo suxeito pasivo, no réxime xeral encontrámonos con idéntica norma de valoración pero exclusivamente aplicable no marco dunha actuación comprobatoria pola Administración tributaria.

■ A dita corrección valorativa débese efectuar no marco dun prolixo procedemento desenvolvido polo artigo 15 do Regulamento do imposto sobre sociedades, o cal está presidido polo principio de bilateralidade.

Finalmente, a aplicación do prezo normal de mercado só procede cando a tributación en conxunto pola imposición societaria para as partes vinculadas de acordo co dito criterio fose superior á efectivamente suportada por estas.

O ámbito de aplicación da regra de valoración de operacións segundo o prezo ou valor de mercado restrínxese subxectivamente ó non lles resultar de aplicación ás cooperativas de consumidores e usuarios, cooperativas de vivendas, cooperativas agrarias⁷ e ás cooperativas que teñen por obxecto prestación de servizos ou subministracións ós socios. Nestes supostos, as operacións efectuadas pola cooperativa cos seus socios valoraranse polo prezo que efectivamente se realizaren «sempre que non resulte inferior ó custo de tales servizos ou subministracións, incluída a parte correspondente dos gastos xerais da entidade»⁸.

c) *Cualificación de partidas controvertidas*

O peculiar funcionamento das entidades cooperativas maniféstase nunha serie de partidas cunha influencia na determinación da base imponible que fai preciso a súa previa cualificación fiscal.

■ *Desde o punto de vista da súa deducibilidade*

Partindo de que a individualización dos ingresos cooperativos e extracooperativos esixen idéntica diferenciación entre os gastos producidos, atribuíndoselles a uns e outros os específicos necesarios para a súa obtención e a parte que, segundo criterios de imputación fundados,

⁷ Suposto incorporado pola disp. final 2ª da Lei 43/1995.

⁸ Artigo 15.3. da Lei 20/1990, do 9 de decembro.

corresponda dos gastos xerais da cooperativa, desde esta perspectiva son destacables as seguintes partidas:

1. *Intereses ás achegas ó capital social*

Considerados expresamente como gastos deducibles para a determinación do resultado contable do exercicio polo artigo 66.2 da Lei 5/1998, o artigo 18.3 da Lei 20/1990 declara a deducibilidade, para os efectos da determinación do resultado cooperativo, dos intereses percibidos polos socios por mor das súas achegas ó capital social, sen que o dito importe poida exceder-lo que resultaría de aplica-lo tipo de interese básico do Banco de España incrementado en tres puntos. Os artigos 60 e 61 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia establecen que as achegas obrigatorias e voluntarias ó capital social poden producir un interese na contía establecida, o cal non poderá exceder do legal do diñeiro en máis de tres puntos e en máis de seis puntos respectivamente⁹. Sendo a fixación ou acreditación dun tipo de interese superior ó legalmente establecido causa de perda da protección fiscal, resulta evidente que é posible unha retribución legal das achegas voluntarias ó capital social que alcanzando plenamente a conta de resultados, sen embargo, parcialmente, non reverta negativamente na base imponible.

2. *Fondo de Formación e Promoción*¹⁰

Con fundamento na afectación exclusiva a finalidades específicas e ó seu carácter non repartidor¹¹, o artigo 18 da Lei 20/1990 declara a deducibilidade das achegas ó Fondo de Formación e Promoción, condicionándose polo artigo 19 ó cumprimento dos seguintes requisitos¹²:

⁹ O artigo 48 da Lei 27/1999 condiciona a remuneración das achegas ó capital social ó cumprimento de dous requisitos: a existencia de resultados positivos previos e que, en ningún caso, exceda de 6 puntos o interese legal do diñeiro.

¹⁰ Denominado Fondo de Educación e Promoción pola Lei 27/1999 e Fondo de Formación e Promoción Cooperativa pola Lei 5/1998.

¹¹ Artigos 67.2 e 93.2.a) da Lei 5/1998.

¹² O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas pronunciouse sobre o carácter contable da dotación ó Fondo de Educación e Promoción Social ás sociedades cooperativas en sentido diferente: «O artigo 83 da Lei 3/1987 do 2 de abril xeral de cooperativas, establece que as partidas que se considerarán como gasto na determinación dos resultados do exercicio económico, non figurando entre ela a dotación ó Fondo de Educación e Promoción.

Pola súa parte, o artigo 84 da mesma lei sinala os fins a que deben ou poden aplicarse os excedentes netos do exercicio económico, entre os que se encontra a dotación ó Fondo de Educación e Promoción.

Polo tanto, a citada lei configura a dotación ó Fondo de Educación e Promoción Social coma unha repartición do resultado do exercicio e así haberá de se reflectir contablemente, debendo luci-lo dito fondo no pasivo do balance dunha agrupación independente, distinta dos fondos propios.

■ É necesario que se trate de dotacións obrigatorias ó Fondo de Formación¹³. O artigo 67.1 da Lei 5/1998 establece que «anualmente, dos excedentes netos do exercicio económico destinaráselles: a) ó Fondo de Reserva Obrigatorio e ó Fondo de Formación e Promoción unha contía global mínima do 30 %, e destinaráselles un 5% dos excedentes como mínimo ó Fondo de Formación e Promoción e polo menos un 20 % destes excedentes ó Fondo de Reserva Obrigatorio....». Engade o precepto seguinte que se lle destinarán necesariamente ó dito fondo «as sancións económicas que lles impoña a cooperativa ós seus socios». Xorden en relación con este primeiro requisito dúas cuestións:

■ ¿Que se entende por dotación obrigatoria a teor do disposto no artigo 67 da Lei 5/98? ¿O 5 por 100 fixado como mínima dotación a este fondo ou a maior porcentaxe, ata un 10 por 100, que poida resultar necesaria para completa-la dotación mínima conxunta do 30 por 100, no suposto de que a dotación ó Fondo de Reserva Obrigatorio quede comprendida entre o 20 e 25 por 100? Trátase de defini-lo tratamento fiscal dese 5 por 100 dos excedentes netos de libre asignación pola entidade cooperativa entrámbolos fondos. Resulta dificilmente sostible rexeita-la incidencia da dita dotación, de acordo co réxime propio de cada fondo, baixo o pretexto da súa posible e, polo tanto, «libre» incorporación ó «outro» fondo.

■ Cuestión diferente é a relativa á incidencia no resultado cooperativo da dotación ó Fondo de Formación con orixe nunha posible sanción económica imposta pola cooperativa ós seus socios¹⁴. O mecanismo arbitrado pola Lei 20/1990, con idéntico resultado ás restantes dotacións, é, sen embargo, tecnicamente diferente: a dita renda non se lle incorpora á base imponible, ó se integrar coma compoñente positivo na conta especial representativa do fondo prevista no seu artigo 19.5, cun saldo que se levará a este, non lle afectando, consecuentemente, o dito traspaso ó resultado cooperativo.

■ A contía deducible da dotación ó Fondo de Formación non poderá exceder do 30 por 100 dos excedentes netos deste. Referida a dotación legalmente obrigatoria e o límite fiscal á mesma magnitude –excedente neto de cada exercicio–, é evidente a nula operatividade deste requisito en canto superior á achega preceptiva ó fondo.

¹³ Os artigos 56 e 58 da Lei 27/1999 establecen que se lle destinará necesariamente ó Fondo de Educación e Promoción as porcentaxes do excedente cooperativo ou dos resultados que establezan os estatutos ou fixe a asemblea xeral, o cal non poderá ser inferior ó 5 por 100 dos resultados cooperativos antes de impostos, e as sancións económicas que lles impoña a cooperativa ós seus socios.

¹⁴ Establece o artigo 25 da Lei de cooperativas de Galicia que «...As sancións que lles poidan impoñer ós socios por cada tipo de faltas deberán estar establecidas nos estatutos e poderán ser económicas, de suspensión de dereitos sociais ou de expulsión».

■ As dotacións non investidas deberanse materializar provisionalmente en contas de aforro ou Débeda pública, requisito fiscal que encontra o seu paralelismo no último parágrafo do artigo 68.2 da Lei 5/1998.

■ Individualidade contable: as dotacións ó fondo, así como as aplicacións que requira o plan, xa se trate de gastos correntes ou de investimentos para o inmovilizado, reflectiranse separadamente na contabilidade social, en contas que indiquen claramente a súa afectación ó dito fondo»¹⁵.

Como corolario prevese que os gastos e ingresos derivados das actividades financiadas co Fondo de Educación levaranse a unha conta de resultados do fondo, que non se terá en conta para determinala base imponible do imposto de sociedades da cooperativa.

3. O Fondo de Reserva Obrigatorio

Da conxunción dos mandatos contidos nos artigos 8.3, 62, 66.3, 67 e 68 da Lei 5/1998 derivánselle as seguintes dotacións mínimas ó Fondo de Reserva Obrigatorio:

■ O 30 por 100 como mínimo do excedente neto, cunha porcentaxe dun mínimo do 5 e dun máximo do 10 por 100 que se lle deberá destinar ó Fondo de Formación e Promoción.

■ Os beneficios obtidos nas operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios.

■ O 50 por 100 como mínimo dos beneficios procedentes de plusvalías polo alleamento de elementos de activo inmovilizado, os obtidos doutras fontes alleas ós fins específicos da cooperativa e os derivados de investimentos ou participacións en sociedades de natureza non cooperativas.

■ As deducións por achegas obrigatorias ó capital social no caso de expulsión ou baixa non xustificada dos socios.

■ O 50 por 100 como mínimo da plusvalía derivada da regularización de balances autorizada legalmente.

■ As cotas de ingreso¹⁶.

En relación con estas dotacións, o artigo 15.5 da Lei 20/1990 establece que a base imponible correspondente a un ou outro tipo de resul-

¹⁵ Artigo 19.2 da Lei 20/1990. A Lei de cooperativas de Galicia é menos esixente a este respecto cá norma fiscal: limita a individualidade contable ás dotacións as cales «deberán figurar no pasivo do balance con separación doutras partidas».

¹⁶ Os artigos 55 e 58 da Lei 27/1999 establecen que se lle destinarán obrigatoriamente ó Fondo de Reserva Obrigatoria unha porcentaxe mínima do 20 por 100 dos excedentes cooperativos e do 50 por 100 dos beneficios extracooperativos e extraordinarios, as deducións sobre as achegas obrigatorias ó capital social no caso de baixa non xustificada dos socios e as cotas de ingreso dos socios.

tados minorarase no 50 por 100 da parte destes que se lle destine, obrigatoriamente, ó Fondo de Reserva Obrigatorio, tratamento fiscal que suxire tres consideracións:

■ En canto ó seu fundamento, estamos, posiblemente, ante unha solución salomónica cunha razón que reside no carácter non repartidor do Fondo de Reserva Obrigatorio entre os socios, de acordo co que establece o artigo 68 da Lei 5/1998.¹⁷ Sen dúbida, na exclusión da base imponible da metade das dotacións ó Fondo de Reserva Obrigatorio laxeira, por un lado, a natural aspiración do lexislador fiscal a gravalo excedente cooperativo e, por outro, o rexeitamento que lle ocasiona somete-lo imposto a un resultado que, en último extremo, non incrementa a capacidade económica dos socios cooperativistas.

■ É claro que unicamente poden ambicionala deducibilidade aquelas dotacións con orixe en rendas integradas previamente na base imponible, condición non concorrente nas tres últimas achegas posibles mencionadas.

■ Parece, finalmente, evidente, que a preceptividade habilitadora para alcanza-la deducibilidade ha te-la súa orixe na norma legal, isto é, nas dotacións mínimas fixadas pola Lei 5/1998, extremo a partir do cal responderán a un mandato estatutario ou ó acordo da asemblea xeral, ou o que é o mesmo, á autorregulación da propia entidade na que dificilmente a Lei fiscal residencia a requirida obrigatoriedade. A liberalización parcial na aplicación dos resultados extracooperativos ten, polo tanto, unha «peaxe» fiscal: non formarán parte da base de dedución para os efectos da aplicación do 50 por 100 as dotacións, antes obrigatorias, agora acordadas pola propia cooperativa¹⁸.

4. Remuneracións dos membros do Consello Rector

Os membros do Consello Rector, órgano de goberno da entidade cooperativa de acordo co disposto no artigo 41 da Lei 5/1998¹⁹, poden recibir remuneracións conforme o establecido no artigo 47 do dito texto legal.

O estatuto fiscal destas remuneracións pódese definir a partir das seguintes dúas notas caracterizadoras:

¹⁷ Este precepto encontra a súa simetría no artigo 55 da Lei 27/1999, de cooperativas do Estado.

¹⁸ O artigo 83.2 da derogada Lei 3/1987 ordenaba que lle destinasen obrigatoriamente ó Fondo de Reserva Obrigatorio os beneficios obtidos das operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios, os beneficios procedentes das plusvalías no alleamento dos elementos de activo inmovilizado, os beneficios obtidos doutras fontes alleas ós fins específicos da cooperativa e os beneficios derivados de investimentos ou participacións en sociedades de natureza non cooperativa.

¹⁹ Artigo 40 da Lei 27/1999.

■ Partindo dunha definición estricita do beneficio como magnitude representativa da retribución dos fondos propios, pódese afirmar que as retribucións dos membros do Consello Rector constitúen gasto na determinación do resultado contable, sendo indiferente a forma –fixa, variable, participación nos beneficios...– a través da cal aquelas se manifes-ten²⁰. A teor do disposto no artigo 14.1 e 10.3 da Lei 43/1995, a norma fiscal segue en relación con esta partida o criterio contable.

■ Esta remuneración ten para os membros, persoas físicas, do órgano de goberno a consideración de rendemento do traballo persoal²¹, e debe practicala entidade pagadora da dita renda a retención correspondente; a cal se debe determinar ó tipo fixo e especial do 35 por 100²².

■ *Desde o punto de vista da súa non deducibilidade*

Sendo o excedente o obxecto do gravame societario, toda distribución del non ha te-la consideración de partida deducible. Consecuente-mente, o artigo 20 da Lei 20/1990 declara a non deducibilidade das «cantidades distribuídas entre os socios da cooperativa a conta dos seus excedentes nin o exceso de valor asignado en contas ás entregas de bens, servicios e subministracións, prestacións de traballo dos socios e rendas dos bens no que o seu gozo lle fora cedido polos socios á cooperativa, sobre o seu valor de mercado», corolario da regra de valoración contida no artigo 15 do dito texto legal.

■ Desde o punto de vista da súa non integración na base imponible.

A Lei 20/90 comprende senllos preceptos nos que efectúa unha delimitación negativa do ámbito do gravame societario. En primeiro termo, o artigo 22.2 no que se describen determinados supostos que non se consideran incrementos de patrimonio²³:

■ Achegas obrigatorias ou voluntarias dos socios e asociados ó capital social.

²⁰ O Instituto de Contabilidade de Auditoría de Contas pronunciouse neste sentido en relación coas retribucións dos administradores das sociedades anónimas ó indicar que «...a retribución dos administradores dunha sociedade é un gasto máis necesario para poder obte-los ingresos correspondentes dela. De acordo co anterior, a conta de perdas e ganancias ó recoller tódolos ingresos dunha sociedade e os gastos en que incorreu para a súa obtención, deberá incluír necesariamente a retribución correspondente ós administradores ó ser esta, como se dixo anteriormente, un gasto máis da empresa».

²¹ Art. 16.2.e) da Lei 40/1998, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

²² Tipo de retención establecido pola nova redacción dada ó artigo 83 da Lei 40/1998, por mor da Sentencia do Tribunal Supremo do 22 de marzo de 2001, que declarou a nulidade do artigo 75.1 2º do Regulamento do IRPF.

²³ A Lei 43/95 suprimiu a clasificación de rendas presente na derogada Lei 61/78, non individualizando, polo tanto, os incrementos de patrimonio.

■ Cotas de ingreso dos socios, as cales, conforme o previsto no artigo 65.2 da Lei 5/1998 non poden ser superiores ó 50 por 100 da achega obrigatoria mínima ó capital social vixente en cada momento para adqui-ri-la condición de socio. O fundamento da súa non suxeición estriba neste suposto, a diferenza do que sucede coas cotas periódicas, na súa preceptiva afectación ó Fondo de Reserva Obrigatorio.

■ Detraccións nas achegas obrigatorias²⁴ con motivo da baixa do socio, destinadas ó Fondo de Reserva Obrigatorio, mandato recollido no artigo 68.1.b da Lei 5/1998, de cooperativas de Galicia²⁵. Admite o artigo 64 detraccións sobre as achegas obrigatorias, cun límite do 30 por 100 no caso de expulsión e do 20 por 100 no suposto de baixa non xustificada²⁶. Estas detraccións significan para a cooperativa a transformación parcial da cifra de capital en Fondo de Reserva Obrigatorio, o que, de modo ningún, poderá reputarse incremento de patrimonio, pois, en rigor, o único que se produce é unha variación cualitativa na composición do neto patrimonial.

■ Compensación polos socios das perdas sociais que lles imputasen. Resulta evidente a simetría desta cualificación coa da non deducibilidade do retorno cooperativo: de igual forma que non é factible, para os efectos da determinación da base imponible, detraérllle-la cantidade entregada ós socios cooperativistas en concepto de distribución do excedente neto, non se integrarán na dita magnitude a imputación de perdas efectuadas a estes, tendo en conta, ademais, que unha e outra atribución se efectúa «en proporción ás operacións, ós servizos ou ás actividades realizadas por cada un deles (socios) coa cooperativa».

■ Resultados da regularización dos elementos do activo cando así o dispoña a lei especial que a autorice.

As alíneas 5 e 6 do artigo 19 conteñen, en segundo lugar, unha relación de partidas de gastos, ó se trataren de aplicacións do Fondo de Formación e Promoción, e de ingresos, ó consistiren en rendas que han quedar afectadas a este, que non repercuten na base imponible da sociedade. Consecuentemente, a Lei fiscal ordena que uns e outros revertan nunha conta específica de resultados que se levará á conta representativa do dito fondo.

²⁴ A Lei de cooperativas de Galicia e do Estado coinciden ó admitiren detraccións unicamente sobre as achegas obrigatorias ó capital.

²⁵ Artigo 55.1.b da Lei 27/1999.

²⁶ O artigo 51.3 da Lei 27/1999 prevé que no caso de baixa non xustificada se poden acordar detraccións sobre o reembolso das achegas obrigatorias ata os límites do 30 por 100.

B) Normas para a determinación da cota íntegra

A distinción entre resultados cooperativos e extracooperativos responde á indicada posible aplicación de tipos de gravame diferenciados, o que obriga a efectuar no proceso liquidador un fraccionamento da base imponible, en función do tipo de resultado do que proceda:

- Base imponible correspondente ós resultados cooperativos, que tributará ó 20 por 100, se a cooperativa goza de calquera dos dous niveis de protección fiscal.
- Base imponible correspondente ós resultados extracooperativos que tributará ó tipo xeral, conforme o artigo 33.2 Lei 20/1990.

A suma das cantidades resultantes de lles aplica-las alícuotas a cada parte de base imponible é a cota íntegra, a cal pode ser positiva ou negativa dado que o tipo de gravame se aplica, conforme o establecido no artigo 23 da Lei 20/1990, sobre «as bases impositivas, positivas ou negativas».

A técnica liquidadora descrita pode conducir a cargas tributarias superiores ás que procederán segundo o réxime xeral: unha cooperativa que nas actividades cooperativizadas cos socios perda unha suma igual á que gaña nas actividades cooperativizadas cos non socios soportará unha determinada cota que, en réxime xeral de imposición, non se obtería.

C) Compensación de perdas

Fronte ó réxime xeral do imposto sobre sociedades no que a compensación de perdas se efectúa desde o punto de vista da base imponible, o réxime especial das entidades cooperativas prevé a compensación en relación coas cotas, obrigada consecuencia da técnica de determinación da cota íntegra: cando esta resulte negativa «o seu importe poderá ser compensado pola cooperativa coas cotas íntegras positivas dos dez exercicios seguintes»²⁷, prazo cunha concreción que precisa de catro consideracións:

- Trátase dun prazo que rexe para os exercicios iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2000, a diferenza do que sucedeu cos suxeitos pasivos en réxime xeral, no cal o prazo de compensación de 10 anos se aplica a partir do 1 de xaneiro de 1999.
- En consecuencia, entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 1999 resulta de aplicación o prazo de compensación de 7 anos²⁸.
- A diferenza do réxime xeral, a prolongación do período de compensación para as entidades cooperativas non prevé un réxime tran-

²⁷ Artigo 24.1 Lei 20/1990, segundo redacción da Lei 55/1999, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

²⁸ Artigo 24.1 Lei 20/1990, segundo redacción da disp. final 2ª da Lei 43/1995.

sitorio, isto é, se o novo prazo afecta as cotas íntegras negativas xeradas con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2000, pero pendentes de compensa-la dita data.

■ Prevese, ó igual ca no réxime xeral, que dado o desfasamento temporal entre o prazo de compensación e o de prescrición, e para os únicos efectos de determina-los importes compensables, a Administración tributaria poida «comproba-las declaracións e liquida-las cotas negativas correspondentes aínda que transcorre o prazo ó que se refire o artigo 64 da Lei xeral tributaria».

D) Bonificacións e deduccións

O paso seguinte no esquema liquidador do imposto sobre sociedades consiste na determinación da cota líquida cunha magnitude á que se chega desde a cota íntegra a través das bonificacións e deduccións, cunha regulación á que a Lei 20/90 dedica os artigos 25 e 26.

As deduccións e bonificacións que procedan practícaranse conforme o establecido no réxime xeral do imposto, tendo en conta que as deduccións por dobre imposición de dividendos e retornos cooperativos e, se é o caso, da dobre imposición internacional, aplícanse mediante a utilización do tipo de gravame cooperativo ou extracooperativo que lle corresponda á natureza dos rendementos sobre os que se practica a deducción.

Non obstante, respecto á deducción por dobre imposición dos retornos cooperativos percibidos, hanse aplica-las normas establecidas para os socios das cooperativas, isto é, unha deducción en cota do 10 por 100 do importe percibido por este concepto ou do 5 por 100 cando, por tratarse dunha cooperativa especialmente protexida, os ditos rendementos se beneficiasen da bonificación prevista no artigo 34.2 da Lei 20/1990.

E) Retencións e ingresos a conta

As cooperativas están obrigadas a efectuárllas retencións oportunas, tanto ós seus socios coma a terceiros, conforme o réxime xeral, se ben coas especialidades indicadas a continuación, válidas tamén, se é o caso, para os ingresos a conta:

a) As retencións que lles hai que efectuar ós socios de cooperativas de traballo asociado ou ós socios de traballo de calquera outra clase de cooperativa, hanse practicar a partir da diferenciación dos rendementos procedentes do traballo persoal e do capital mobiliario.

Para estes efectos, os anticipos laborais dos socios traballadores e de traballo calcularanse conforme as retribucións normais no mesmo sector de actividade coma se foran traballadores por conta allea. Os ditos anticipos terán a consideración de rendementos de traballo e de gastos deducibles na base imponible da cooperativa. Consecuentemente, os ex-

cesos dos ditos anticipos consideraranse rendementos do capital mobiliario²⁹. Trátase, en definitiva, dunha solución fiscal, contida no artigo 28.1 da Lei 20/1990, perfectamente compatible co establecido a este respecto no artigo 105 da Lei 5/1998.

b) Asímilase a dividendos a parte do excedente dispoñible do exercicio económico que se lles acredite ós socios en concepto de retorno cooperativo definido polo artigo 67.2 da Lei 5/1998 como «a parte do excedente dispoñible que a asemblea xeral acorde repartir entre os socios, que lles acreditará en proporción ás operacións, ós servizos, ou ás actividades realizadas por cada socio coa cooperativa, sen que en ningún caso se poida acreditar en función das achegas ó capital social»³⁰. O seu tratamento fiscal vén definido polas seguintes notas características:

■ Como rendimento do capital mobiliario e, particularmente, como retribución derivada da participación en fondos propios, está sometida a retención, ó tipo fixo do 25 por 100 ata o 31 de decembro de 1999 e do 18 por 100 a partir desta data³¹.

■ As cantidades satisfeitas por tal concepto non teñen a consideración de partida fiscalmente deducible para os efectos da determinación da base imponible da entidade cooperativa pagadora deste.

■ Teñen a consideración de retorno anticipado as cantidades e excesos de valor asignados en conta sinalados coma non deducibles.

■ Non se consideran rendementos do capital mobiliario e, polo tanto, non están suxeitos a retención, o retorno cooperativo que se lles aplique ós seguintes fins:

I Incorporación ó capital social, incrementando as achegas do socio.

I Compensación de perdas de exercicios anteriores.

I «Cando se incorporen a un fondo especial, regulado pola asemblea xeral». Neste caso, a retención non ten lugar ata tanto non lle transcorra o prazo de devolución ó socio, se produza a baixa deste ou os destine a satisfacer perdas ou a lle realizar achegas ó capital social. Trátase dun fondo regulado no artigo 85.2.c da derogada Lei 3/1987, non previsto na Lei 5/1998.

²⁹ Ademais diso, a Dirección Xeral de Tributos (16-10-91) sinalou que nunha cooperativa de traballo asociado, se os socios traballan durante un exercicio un número de horas efectivas superior ás fixadas no convenio colectivo do sector, a súa remuneración débese considerar como anticipo laboral, é dicir, rendementos do traballo, ó se trataren de conceptos retributivos por prestacións do traballo.

³⁰ Artigo 58.4 da Lei 27/19998.

³¹ Redacción dada ó artigo 83 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas aprobado polo R.D. 214/1999, do 5 de febreiro, polo artigo 11 do R.D. 1968/1999, do 23 de decembro.

3. Réxime fiscal das cooperativas protexidas e especialmente protexidas

A Lei 20/1990 dispénsalles diverso grao de protección a un e a outro tipo de cooperativas, o que deriva no necesario establecemento de criterios de delimitación entre ambos. O réxime fiscal das cooperativas protexidas e especialmente protexida aplícase automaticamente, sen precisar autorización administrativa previa.

A) Cooperativas protexidas

De acordo co artigo 6 da Lei 20/1990 son cooperativas protexidas todas aquelas que se constituísen regularmente, isto é, de acordo coa Lei de cooperativas do Estado ou das leis de cooperativas das comunidades autónomas e non incorran nalgunha das causas de perda da dita condición enumeradas no artigo 13.

B) Cooperativas especialmente protexidas

Son cooperativas especialmente protexidas tódalas cooperativas protexidas que cumpran senllos requisitos:

■ Desde unha perspectiva subxectiva, que do elenco de cooperativas que se consideran no título III da Lei 5/1998³², pertencen a algunha das clases que se enumeran no artigo 7 da Lei 20/1990: cooperativas de traballo asociado, agrarias, de explotación comunitaria da terra, do mar e de consumidores e usuarios³³.

■ Obxectivamente, é necesario, ademais, cumprir cunha serie de requisitos que se establecen de maneira particularizada para cada clase de cooperativas, os cales se poden estruturar da forma seguinte:

a) Que asocien exclusivamente persoas físicas, se ben no caso das cooperativas agrarias, de explotación comunitaria da terra e do mar admítase a participación de determinados tipos, en cada caso taxados, de entidades.

b) Cumprimento do principio mutual, o cal atendendo a cada clase de cooperativa se manifesta de forma distinta.

c) Nivel económico moderado dos socios cooperadores, establecéndose de acordo con parámetros dispares. Así, para as cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra establécese, basicamente, en función da base imponible do imposto sobre bens inmobles dos bens de

³² Artigo 6 da Lei 27/1999, de cooperativas.

³³ Estas cooperativas eran fiscalmente protexidas no marco do Estatuto fiscal de 1969, pero, xunto a elas, había outras que agora escorregan cara á simple protección fiscal: vivenda e escolares; e unha que conserva un grao moi reducido de protección: a cooperativa de crédito.

natureza rústica de cada socio ou da cooperativa dividido polo número dos seus socios. No caso das cooperativas de traballo asociado e de consumidores e usuarios fíxase atendendo ó importe total de retribucións efectivamente percibidas, as cales incluírán, se é o caso, os anticipos laborais e as cantidades esixibles en concepto de retornos cooperativos. Finalmente, no suposto particular de cooperativas agrarias dedicadas á comercialización e transformación de produtos gandeiros en que se integren socios titulares de explotacións de gandería independente e de cooperativas do mar establécese en termos do límite cuantitativo previsto para a extinguida estimación obxectiva singular do imposto sobre a renda das persoas físicas, límite de difícil articulación actual, pois dificilmente se pode assimilar ó fixado para a vixente estimación obxectiva, salvo que pretendamos seguir referíndoo, como parece necesario, ó establecido para os efectos do derogado réxime.

C) Causas de perda da protección fiscal

Contidas no artigo 13 da Lei 20/1990, a súa concorrencia é causa de perda de calquera dos niveis de protección que distingue o lexislador fiscal: protexidas e especialmente protexidas. As consecuencias da perda da condición de cooperativa fiscalmente protexida e especialmente protexida por algunha das causas previstas no dito precepto son as seguintes:

- A cooperativa tributará ó réxime común do imposto sobre sociedades, e gravaráselle ó tipo de gravame xeral do imposto a totalidade de resultados que obteña.
- Privación dos beneficios gozados no exercicio económico en que se produza a citada perda, con esixencia dos intereses de demora correspondentes.
- Imposición das sancións tributarias que procedan³⁴.

As dezaseis causas de perda de protección fiscal contidas no artigo 13 da Lei 20/1990 poden ser agrupadas en tres categorías:

a) Comisión de determinadas faltas graves ou moi graves previstas no artigo 139 da Lei 5/1998, do 18 de decembro³⁵.

- Non lles efectúanse dotacións ó Fondo de Reserva Obrigatorio e ó de Formación e Promoción, nos supostos, condicións e pola contía esixida nas disposicións cooperativas.
- Repartir entre os socios os fondos de reserva que teñan carácter non repartidor durante a vida da sociedade e o activo sobrante no momento da súa liquidación.

³⁴ Artigo 37 da Lei 20/1990, do 19 de decembro.

³⁵ Artigo 114 da Lei 27/1999.

■ Aplicar cantidades do Fondo de Formación e Promoción a finalidades distintas das previstas na Lei.

■ Retribuírlle as achegas dos socios ó capital social con intereses superiores ós máximos autorizados nas normas legais ou superar tales límites no aboamento de intereses por demora no suposto de reembolsos das ditas achegas.

■ Acreditarlles ós socios retornos cooperativos en proporción distinta ás entregas, actividades ou servicios realizados coa cooperativa ou a terceiros non socios. Como derivación inmediata do principio mutual, o excedente obtido pola entidade cooperativa non se pode repartir en función á participación no capital social, senón atendendo á actividade cooperativizada realizada cos seus socios. Consecuentemente, a repartición do excedente en proporción distinta ás entregas, actividades ou servicios realizados coa cooperativa polos socios e, con maior motivo, distribuí-lo excedente a favor de terceiros é causa de perda da protección fiscal.

■ Non imputa-las perdas do exercicio económico ou imputalas vulnerando as normas establecidas na lei, os estatutos ou os acordos da asemblea xeral. A observancia do requisito fiscal comprendido nesta causa de perda da protección fiscal supón o cumprimento do mandato contido no artigo 69 da Lei 5/1998, en canto ó prazo de compensación, a orde de prelación e o criterio de asignación destas no suposto de imputación ós socios cooperativistas.

■ Empregar traballadores asalariados en número superior ó autorizado nas normas legais por aquelas cooperativas respecto das cales exista tal limitación. No marco da Lei 5/1998 tal previsión existe verbo das cooperativas de traballo asociado, de explotación comunitaria da terra, de transportistas e de explotación de recursos acuícolas.

■ A falta de auditoría externa nos casos sinalados nas normas legais. Conforme o artigo 55 da Lei 5/1998 «as sociedades cooperativas estarán obrigadas a audita-las contas anuais³⁶ nos mesmos supostos, forma e procedemento esixidos para calquera outro tipo de sociedade pola Lei de auditoría de contas e normas de desenvolvemento, ou por calquera outra norma legal aplicable, ou cando o establezan os estatutos, o acorde a asemblea xeral ou o órgano de administración...» e «...cando o soliciten por escrito o 15 % dos socios da cooperativa». Particularmente, a propia Lei 5/98, no seu precepto 123 impónlle-la dita obrigación ás cooperativas de vivendas.

³⁶ De acordo co artigo 73.2 da Lei 5/1998, as contas anuais da cooperativa están constituídas polo balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria.

b) Inclusión nalgunha das causas de disolución previstas no artigo 86 da Lei 5/1998, do 18 de decembro³⁷.

■ A existencia dun número de socios inferior ó previsto nas normas legais, sen que se restableza nun prazo de seis meses, fixado, sen preuízo do establecemento dun mínimo diferente para determinadas clases particulares de cooperativas, en catro socios e para as cooperativas de segundo grao en dúas sociedades cooperativas³⁸.

■ A redución do capital social a unha cantidade inferior á cifra mínima establecida estatutariamente, sen que se restableza no prazo de seis meses³⁹.

■ A paralización da actividade cooperativa ou a inactividade dos órganos sociais durante dous anos, sen causa xustificada.

■ A conclusión da empresa que constitúe o seu obxecto social ou a imposición manifesta de desenvolve-la actividade cooperativizada.

c) Incumprimento do principio mutual e incumprimento de requisitos derivados das excepcións do principio mutual.

■ A realización de operacións cooperativizadas con terceiros non socios fóra dos casos permitidos polas leis. O lexislador fiscal descansa na Lei de cooperativas o que se ha entender por actividade cooperativizada e, ademais, nela tipificanse os casos en que se permite a realización de operacións con terceiros. En consecuencia, a realización da actividade cooperativizada con terceiros non socios dentro dos límites establecidos pola Lei de cooperativas non é causa de perda da protección fiscal, a pesar de que, evidentemente, o principio mutual, en parte, non se cumpre.

Sen embargo, o lexislador ponlle un límite ó quebranto do principio mutual, para os efectos fiscais, ó establecer que «ningunha cooperativa, calquera que sexa a súa clase, poderá realizar un volume de operacións con terceiros non socios superior ó 50 por 100 do total das da cooperativa, sen perde-la condición de fiscalmente protexida», límite que se aplicará unicamente en defecto dun límite máis rigoroso establecido para a cooperativa de que se trate pola Lei de cooperativas. Tal fronteira é, non obstante, de escasa operatividade no marco da Lei 5/1998, pois resulta coincidente coa establecida para as cooperativas agrarias e as de consumidores e usuarios, sendo nos demais casos máis esixente a limitación imposta por este texto legal.

³⁷ Artigo 70 da Lei 27/1999.

³⁸ Artigo 7 da Lei 5/1998.

³⁹ Artigo 5 da Lei 5/1998.

Sen embargo, as cooperativas de traballo asociado merecen unha mención particular desde o punto de vista do cumprimento deste requisito necesario para alcanza-la protección fiscal, dado que neste suposto a actividade cooperativizada consiste na prestación de traballo, de aquí que a contratación de traballadores asalariados supoña, por si mesma, realizar con terceiros non socios a actividade cooperativizada. Por esta razón, o artigo 110.1 da Lei 5/1998 establece que «a cooperativa poderá contratar traballadores por conta allea, sen que o seu número poida exceder do 30 por 100 do total dos seus socios...»⁴⁰. En consecuencia, toda cooperativa de traballo asociado que reborde o límite indicado perderá a protección fiscal simple, sendo necesario para gozar do nivel superior de protección que cumpra co máis esixente e mencionado límite establecido no 10 por 100 de traballadores asalariados con contrato de traballo indefinido respecto do total dos socios polo artigo 8.3. da Lei 20/1990⁴¹.

■ O incumprimento das normas sobre contabilización separada das operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios. Esta causa de perda da protección fiscal suxire tres cuestións:

■ ¿Por que se esixe para estas operacións a contabilización separada? Trátase, sen dúbida, dunha obrigaón contable imposta ó servizo do control do cumprimento do principio mutuo ou das excepcións admitidas a este e da afectación preceptiva dos beneficios derivados de tales operacións ó Fondo de Reserva Obrigatorio.

■ Xorde, en segundo termo, a cuestión relativa á definición do ámbito obxectivo deste requisito rexistral. A derogada Lei 3/1987 no seu artigo 83.2 referíalles tal deber contable « ós beneficios obtidos das operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios, os beneficios procedentes de plusvalías no alleamento dos elementos de activo inmovilizado ou os obtidos doutras fontes alleas ós fins específicos da cooperativa, así como os derivados de investimentos ou participacións en sociedades de natureza non cooperativa», liña definitoria que mantén a súa continuidade no artigo 57.3 da Lei

⁴⁰ Con criterio diferente o artigo 80.7 da Lei 27/1999, establece que «o número de horas/ano realizadas por traballadores con contrato de traballo por conta allea non poderá ser superior ó 30 por 100 do total de horas/ano realizadas polos socios traballadores».

⁴¹ Engade este precepto que as cooperativas de traballo asociado perden a especial protección fiscal, ademais de pola contratación de terceiros na forma exposta, por «empregar traballadores por conta allea mediante calquera outra forma de contratación, sen perde-la súa condición de especialmente protexida sempre que o número de xornadas legais realizadas por estes traballadores durante o exercicio económico non supere o 20 por 100 do total de xornadas legais de traballo realizadas polos socios».

27/1999. Sen embargo, a Lei 5/1998, de cooperativas de Galicia limita a contabilización separada ós «beneficios obtidos das operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios». Aínda coñecendo a construción coordinada con aquela disposición legal da Lei 20/1990, a este resultado parece cingui-la norma fiscal o requisito analizado: «a realización de operacións cooperativizadas con terceiros non socios», dición literal do número 10 do artigo 13 da dita lei, correspóndese cunha das categorías de renda integrantes do resultado extracooperativo enumeradas no seu artigo 21 e a elas pretende referirse a dita condición pois son tales operacións as que se limitan exclusivamente no marco do quebranto do principio mutual.

■ A referencia a este requisito contable céntrase cunha segunda delimitación. Coherentemente coa súa afectación neta ó Fondo de Reserva Obrigatorio, a Lei 5/1998 establece a contabilización separada en termos de resultado⁴². Podendo consistir tales operacións en adquisicións, vendas ou incluso contratación de asalariados, faise preciso unha imputación analítica e reflexo autónomo dos ingresos e gastos correspondentes a estas. Non obstante, a literalidade da disposición fiscal límitalle-lo rexistro independente ás operacións con terceiros.

■ A posesión dunha carteira de valores composta por títulos representativos de participación no capital de entidades non cooperativas, a cal non é causa de perda da protección fiscal sempre que se mantéña dentro dos seguintes límites: 10 por 100 sobre o capital da sociedade participada ou 40 por 100 cando se trate de entidades que realicen actividades preparatorias, complementarias ou subordinadas ás da propia cooperativa. O conxunto destas participacións non poderá supera-lo 50 por 100 dos recursos propios da cooperativa, sendo posible unha autorización para participacións superiores na que medie causa xustificada.

■ Exceso das achegas ó capital social dos socios ou asociados sobre os límites legalmente autorizados. Establece o artigo 58.5 da Lei 5/98 que o importe total das achegas de cada socio nas cooperativas de primeiro grao non poderá exceder dun tercio do capital social⁴³.

⁴² Ó igual cá derogada Lei 3/1987, a Lei 27/1999 impón a contabilización separada dos beneficios derivados das operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios.

⁴³ Igual límite se prevé no artigo 45.6 da Lei 27/1999.

D) Réxime fiscal das cooperativas fiscalmente protexidas

Os beneficios fiscais de que gozan estas cooperativas afectan distintos conceptos impositivos, e réxense, ademais, polas regras especiais do imposto sobre sociedades anteriormente indicadas.

a) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Mantida expresamente polo artigo 45.1.c do R.D. legislativo 1/1993, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, prevese polo artigo 33.1 da Lei 20/1990 a exención por tódolos conceptos do imposto –salvo polo de actos xurídicos documentados que afecte documentos notariais, matrices, testemuños e as copias das escrituras e actas notariais– respecto de:

- Os actos de constitución, ampliación de capital, fusión e escisión.
- A constitución e cancelación de préstamos, incluso os representados por obrigacións.
- As adquisicións de bens e dereitos que se integren para o cumprimento dos seus fins no Fondo de Formación e Promoción a que se refería o artigo 89 Lei 3/1987.

b) Imposto sobre sociedades

No ámbito da imposición societaria o primeiro nivel de protección fiscal concrétese no recoñecemento de dous beneficios fiscais:

- Tipos de gravame. A aplicación dun tipo preferente ó resultado cooperativo, do que xorde a necesidade de fraccionamento da base imponible:
- Base imponible correspondente ós resultados cooperativos gravada ó tipo do 20 por 100.
- Base imponible correspondente ós resultados extracooperativos gravada ó tipo do 35 por 100.

Xorde nesta materia a cuestión relativa ó posible solapamento do referido dobre tipo de gravame coa escala de tipos prevista, para as empresas de reducida dimensión, polo artigo 127.bis da Lei 43/1995, isto é, a posibilidade de lle aplicar ó resultado extracooperativo ata 15 millóns de pesetas o tipo de gravame do 30 por 100 cando a cifra de negocios no período impositivo anterior fose inferior a 3 millóns de euros⁴⁴. Dous son os argumentos en sentido contrario a tal pretensión:

⁴⁴ O límite de 3 millóns de euros (499.158.000 pesetas) foi establecido, en substitución do anterior fixado en 250 millóns de pesetas, pola nova redacción dada ó

■ O primeiro, con base na propia Lei 20/1990, dada a especialidade do mandato contido no artigo 33.2.B) que establece que «á base imponible, positiva ou negativa, correspondente ós resultados extracooperativos aplicaráselle o tipo xeral».

■ En segundo termo, coa orixe na Lei 43/1995, en canto o mencionado artigo 127 bis establece que a escala de tipos seralles de aplicación ás entidades non incluídas nas que, de acordo co artigo 26 da dita lei, deban tributar a un tipo diferente do xeral, cunha alínea tres que lles efectúa unha mención expresa ás sociedades cooperativas.

■ Liberdade de amortización. Procede en relación cos elementos do activo que reúnan as seguintes características:

■ Ser activos fixos, amortizables e novos;

■ Ter sido adquiridos no prazo de 3 anos a partir da inscrición no Rexistro de Cooperativas do Ministerio de Traballo ou, se é o caso, da Comunidade Autónoma competente.

Trátase, non obstante, dunha liberdade de amortización limitada: unha vez practicada contablemente a amortización normal de cada exercicio, a cooperativa pode reverter na base imponible unha cantidade adicional en concepto de liberdade de amortización, a cal se considera fiscalmente deducible sempre que non exceda do saldo da conta de resultados cooperativos do período diminuído nas aplicacións obrigatorias ó Fondo de Reserva Obrigatorio e as participacións do persoal asalariado. Do anterior despréndese que é condición necesaria para poder practicala liberdade de amortización que os resultados da actividade cooperativa sexan positivos.

c) Tributos locais

Gozan dunha bonificación do 95% da cota e posibles recargas dos tributos seguintes:

■ Imposto sobre actividades económicas.

■ Imposto sobre bens inmobles que grave os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e as de explotación comunitaria da terra.

E) Réxime fiscal das cooperativas especialmente protexidas

Os beneficios fiscais outorgados ás cooperativas protexidas, incorpóranselles no ámbito deste superior nivel de protección os incentivos adicionais que se concretan a continuación:

artigo 122 da Lei 43/95 polo artigo primeiro do Real decreto lei 3/2000, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa.

a) Imposto sobre transmisións patrimoniais

Están exentas as operacións de adquisición de bens e dereitos destinados directamente ó cumprimento dos seus fins sociais e estatutarios⁴⁵.

b) Imposto sobre sociedades

Bonificación do 50% da cota íntegra, integrada pola suma alxébrica das cantidades resultantes de lles aplicar ás bases impositibles os tipos de gravame correspondentes. Non obstante, hai que destacar dous supostos particulares:

- Cooperativas de traballo asociado, as cales gozan dunha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto sobre sociedades durante os 5 primeiros anos de actividade social se cumpren durante o dito período os requisitos seguintes:
- Que integren, cando menos, un 50 por 100 de socios minusválidos.
- Que os ditos socios se encontren en situación de desemprego no momento de se constituí-la cooperativa⁴⁶.
- Explotacións agrarias asociativas prioritarias. As explotacións así cualificadas conforme o artigo 5 Lei 19/1995, do 4 de xullo, que adopten a forma xurídica de cooperativas agrarias⁴⁷ e se fagan acreedoras do nivel especial de protección fiscal, necesariamente, polo tanto, cooperativas de explotación comunitaria da terra e de traballo asociado, gozan dunha bonificación do 80 por 100 da cota íntegra do imposto sobre sociedades⁴⁸.

4. Réxime fiscal das cooperativas de segundo ou ulterior grao

Ás cooperativas de segundo ou ulterior grao, formadas por máis cooperativas da mesma ou distinta clase, ó obxecto do cumprimento e desenvolvemento de fins económicos comúns, recoñécenselle los beneficios fiscais mencionados en función do tipo de cooperativas que asocien⁴⁹. Do teor do artigo 35 da Lei 20/1990, pódense diferenciar as seguintes situacións:

⁴⁵ Este beneficio fiscal mantense expresamente en vigor polo artigo 45.1.c) R.D. lexislativo 1/1993, polo que se aproba o texto refundido do imposto.

⁴⁶ Disposición adicional 3ª da Lei 20/1990, do 19 de decembro.

⁴⁷ A sociedade cooperativa constitúe unha das formas xurídicas alternativas que pode adoptar as explotacións asociativas prioritarias conforme o artigo 14 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

⁴⁸ Artigo 14 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

⁴⁹ Definidas no artigo 130 da Lei 5/1998 e no artigo 77 da Lei 27/1999.

- Cando asocian exclusivamente cooperativas protexidas, gozan dos mesmos incentivos fiscais ca elas.
- Cando asocian exclusivamente cooperativas especialmente protexidas, gozan dos seus mesmos beneficios.
- Cando asocian cooperativas protexidas e especialmente protexidas, os beneficios aplicables son os das protexidas, máis a bonificación do 50 por 100 sobre a cota íntegra do imposto sobre sociedades que lles corresponda ós resultados obtidos das operacións realizadas coas cooperativas especialmente protexidas.

5. Réxime fiscal das unións, federacións e confederacións de cooperativas⁵⁰

O réxime tributario destas entidades, asociacións de cooperativas, adoptadas libre e voluntariamente, cun obxecto que é a defensa e promoción dos seus intereses canto sociedades cooperativas, vén definido polas seguintes notas caracterizadoras, contidas no artigo 36 da Lei 20/1990:

- Tributación polo imposto sobre sociedades conforme o réxime fiscal especial contido no título VIII, capítulo XV da Lei 43/1995 referido ás entidades parcialmente exentas⁵¹.
- Exención no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, nos mesmos termos, as cooperativas especialmente protexidas.
- Bonificación do 95 por 100 da cota e recargas do imposto sobre actividades económicas⁵².

6. Réxime fiscal das cooperativas de crédito⁵³

Son cooperativas de crédito fiscalmente protexidas aquelas que se axusten ós principios e disposicións da Lei 13/1989, do 26 de marzo, inscritas nos rexistros do Banco de España, Mercantil e no correspon-

⁵⁰ O asociacionismo cooperativo está regulado no título IV da Lei 5/1998 e no título III da Lei 27/1998.

⁵¹ Artigo 36 b) da Lei 20/1990, segundo redacción dada pola disposición final 2ª da Lei 43/1995.

⁵² Letra c) do artigo 36 da Lei 20/1990 incorporada pola disposición adicional 29ª da Lei 21/1993, do 29 de decembro de orzamentos xerais do Estado para 1994.

⁵³ Tanto a Lei 5/1998 no seu artigo 127.2, coma a Lei 27/1999, no seu artigo 104, efectúan nesta materia unha remisión á súa norma específica: Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito.

dente de cooperativas e non incorran en ningunha das circunstancias enumeradas no artigo 13 da Lei 20/1990, se ben tres das causas de perda da protección fiscal relacionadas no dito precepto resultan matizadas na súa aplicación ás cooperativas de crédito:

- Distribución do excedente. Permítenselle-la acreditación do retorno cooperativo ós socios de traballo en proporción ós anticipos laborais percibidos durante o exercicio económico.

- Quebranto do principio mutual. Establecido en concordancia coa Lei 13/1989 e en termos de operacións con terceiros non socios no 50 por 100 dos recursos totais da cooperativa⁵⁴, matízase que «non se computarán no referido as operacións realizadas... cos socios das cooperativas asociadas, as de colocación dos excesos de tesourería no mercado interbancario, nin a adquisición de valores e activos financeiros de renda fixa para a cobertura dos coeficientes legais ou para a colocación dos excesos de tesourería».

- Redución de capital. O prazo de restablecemento do capital mínimo fixado, con carácter xeral, en seis meses é substituído polo «prazo regulamentario».

O réxime de protección fiscal deste tipo de entidades, definido no artigo 40 da Lei 20/1990, está presidido polas seguintes especialidades:

- Imposto sobre transmisións patrimoniais e AXD. Teñen as mesmas exencións cás recoñecidas ás cooperativas protexidas, na medida en que lles sexan aplicables pola súa especial natureza e actividades.

- Imposto sobre sociedades. A súa peculiaridade no imposto sobre sociedades consiste no tipo de gravame. Dependendo da procedencia da base imponible cabe distinguir⁵⁵:

- A base correspondente ós resultados cooperativos grávase ó 25 por 100. Son resultados cooperativos destas entidades os indicados con carácter xeral e, ademais os procedentes das operacións de:

- Colocación dos excesos de tesourería no mercado interbancario.

- As realizadas cos socios das cooperativas asociadas.

- Adquisición de valores e activos financeiros de renda fixa para a cobertura dos coeficientes legais ou para colocalos excesos de tesourería.

- A base derivada dos resultados extracooperativos, ó tipo xeral (35 por 100).

⁵⁴ Artigo 4.2 da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito.

⁵⁵ Artigo 26.2 da Lei 43/1995.

8. As entidades cooperativas e os réximes tributarios especiais

a) *Transparencia fiscal*

A partir da entrada en vigor da Lei 20/1990 quedou sen efecto a disposición que permitía optar ás cooperativas fiscalmente protexidas polo réxime de transparencia fiscal⁵⁶.

b) *Operacións de reestructuración empresarial*

Con base no art. 33.6 da Lei 20/1990, as operacións desta índole realizadas por cooperativas ó abeiro da Lei 76/1980 gozaban dos beneficios fiscais previstos na dita norma no seu grao máximo. A partir do 1 de xaneiro de 1992, a Lei 29/1991 derogou expresamente aquel artigo, polo que o réxime fiscal das cooperativas que interveñan nestas operacións é o xeral regulado na Lei 43/1995, ben en aplicación do disposto no seu artigo 15 ou no réxime fiscal especial considerado no capítulo VIII do título VIII.

c) *Grupos de sociedades cooperativas*⁵⁷

As peculiaridades das sociedades cooperativas fixeron preciso a adaptación a estas das normas xerais da tributación sobre o beneficio consolidado. As diferencias fundamentais nun e noutro réxime céntranse, por un lado, na delimitación do grupo societario cooperativo e, por outra, na adaptación dun sistema de consolidación de cotas tributarias en lugar do sistema de consolidación de bases imponible.

■ *Grupo consolidable*⁵⁸

Enténdese como grupo de sociedades cooperativas, para os efectos do réxime de declaración consolidada, o conxunto formado por unha cabeza de grupo e as cooperativas de socios ou asociadas daquela sobre as que exerza poderes de decisión, conforme as súas regras estatutarias.

Os requisitos que as sociedades integrantes do grupo han cumprir son as seguintes:

a) A cabeza do grupo pode ser unha sociedade cooperativa, ou ben calquera outra entidade, polo que neste caso o seu obxecto social exclusivo ten que se-lo de planificar e coordina-lo desenvolvemento empresa-

⁵⁶ O artigo 19.3 da Lei 61/78, na redacción dada pola Lei 48/85, do 27 de decembro, dispuña que poderían optar polo réxime de transparencia fiscal as sociedades cooperativas fiscalmente protexidas. Este precepto, no que ás entidades cooperativas se refire, foi derogado pola disposición final 1ª da Lei 20/1990.

⁵⁷ As disposicións que regulan a materia son o RD 1345/1992 e a Lei 43/1995, do 27 de decembro no que non sexa incompatible coa disposición anterior.

⁵⁸ Artigo 1 do R.D. 1345/1992.

rial e as estratexias a longo prazo das demais cooperativas do grupo, non podendo estar participada máis ca por outras cooperativas.

b) Tódalas sociedades han estar vinculadas por un pacto ou compromiso de redistribución do excedente neto obtido por cada unha delas, que ha constar en escritura subscripta por todas e nos seus estatutos respectivos.

A redistribución ten que ser directamente proporcional ó importe das operacións, actividades e servicios cooperativizados realizados polos socios das cooperativas membros do grupo, e por unha contía mínima do 25% do excedente neto, deducidos os impostos e as cantidades legalmente obrigatorias que se lles destinen ós fondos de reserva.

En canto ás modificacións na composición do grupo hanse diferenciar, a teor do disposto no artigo 2.2 do R.D. 1345/1992, dúas circunstancias posibles para tal efecto:

a) Inclusión. É obrigatoria a incorporación ó grupo das cooperativas que reúnan os requisitos esixidos unha vez que sexa de aplicación este réxime. A incorporación ten efectos desde o exercicio seguinte en que concorran os ditos requisitos.

b) Exclusión. As cooperativas que deixen de cumprir-las requisitos exclúense do grupo consolidado no mesmo exercicio en que se dea tal circunstancia.

■ *Solicitud e concesión do réxime*

O artigo 2 do R.D. 1345/1992 prevé a opción polo réxime de tributación consolidada pola entidade cabeza do grupo e a súa concesión polo Ministerio de Facenda. Non obstante, aínda cando a Lei 43/1995 establece que os grupos de sociedades cooperativas poden tributar no réxime de declaración consolidada segundo o previsto na dita disposición regulamentaria, na medida en que a citada lei suprime a intervención administrativa respecto da solicitude e concesión do réxime de consolidación, sendo o propio grupo quen decide ou non optar polo dito réxime, o mesmo se lles debe trasladar ós grupos de sociedades cooperativas.

■ *Perda do réxime*⁵⁹

A perda do réxime de declaración consolidada prodúcese cando se dea algunha destas circunstancias:

- As establecidas con carácter xeral.
- O incumprimento do compromiso de redistribuí-los excedentes cooperativos dispoñibles.

⁵⁹ Artigo 5 do R.D. 1345/1992.

■ A realización pola entidade cabeza do grupo, cando non se trate dunha sociedade cooperativa, de actividades distintas ó seu obxecto exclusivo.

■ *Base imponible das sociedades do grupo*

A diferenza do réxime xeral de consolidación, os grupos de cooperativas non precisan determinar unha base imponible consolidada do grupo, senón que cada unha das sociedades integrantes ha calcula-la súa propia. Para iso, en aplicación do previsto no artigo 3 do mencionado real decreto, ha segui-las normas previstas na Lei 43/1995 e, particularmente, na Lei 20/1990, procedendo con posterioridade a realizar, exclusivamente, as eliminacións por operacións intergrupo que deriven dos seguintes motivos:

■ Polos retornos cooperativos entre as sociedades do grupo.

■ Polos resultados distribuídos pola cabeza do grupo.

■ Polas axudas económicas prestadas entre as cooperativas do grupo en virtude das obrigacións asumidas, considerándose que tales axudas non son nin gasto deducible para quen as presta nin ingreso computable para quen as recibe.

■ *Cota tributaria consolidable*

A cota consolidada do grupo de cooperativas é o resultado, sempre que sexa positiva, de sumar alxebricamente a cantidade obtida ó lles aplicar ás bases impositivas positivas ou negativas de cada entidade que forma o grupo os tipos de gravame que correspondan e das bonificacións a que teña dereito.

Se a suma anterior fose negativa, existe dereito a compensación, isto é, o seu importe pode ser compensado polo grupo coas cotas consolidadas positivas dos cinco exercicios inmediatos seguintes.

Dado que a Lei 43/1995 amplía o prazo de compensación a 7 anos de forma xeral, a partir do 1 de xaneiro de 1996, e a partir do 1 de xaneiro de 1999 a dez anos, a cota negativa xerada nos períodos impositivos iniciados desde esa data poderá ser compensada polo grupo coas cotas consolidadas positivas obtidas nos períodos impositivos que conclúan nos 7 e 10 anos inmediatos e sucesivos.

■ *Retencións*

Os rendementos do capital mobiliario satisfeitos entre as entidades integrantes do grupo non están suxeitos a retención, de acordo co disposto no artigo 6 do R.D. 1345/1992.

■ *Declaración do imposto sobre sociedades e pagamentos fraccionados*

A declaración - liquidación do imposto sobre sociedades do grupo de cooperativas que optase polo réxime de tributación consolidada ha ser presentada pola entidade cabeza do grupo, nos mesmos termos có sinalados para os grupos en xeral.

De igual modo, a entidade cabeza de grupo ha efectua-los pagamentos fraccionados correspondentes. 